

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 3 de febreiro de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día tres de febreiro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *D. Carlos López Font* nin a deputada *Dna. Iria Lamas Salgueiro*, xustificando as súas ausencias.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32171.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de xaneiro 2023.

2.32172.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORAS E PESCADORES, Á FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E ÁS AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2023”. (Expte. 2022071344)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, entre as que están a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, segundo o establecido no artigo 36.d, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera necesario dar apoio, ás confrarías de pescadores e pescadoras, Federación Provincial de confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia, que contribúan ó desenvolvemento de accións que impliquen a promoción e o fomento dun sector de vital importancia na provincia.

Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente elaborou unhas bases que regulan a concesión destas axudas que van destinadas ás entidades citadas da provincia de Pontevedra.



Resultando, que con data do 30 de novembro de 2022 a xefa do Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente emite informe favorable sobre as bases reguladoras de subvencións dirixidas ás confrarías de pescadores e pescadoras, Federación Provincial de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia, que con data do 9 de decembro de 2022, a Secretaría emite informe favorable sobre as citadas bases reguladoras.

Resultando, que con data do 16 de decembro de 2022 a Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, por importe de 250.000,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria proposta 23/410.4150.789.02, sinalando que a aprobación destas Bases quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2023.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, do informe da Secretaria e do informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, por concorrencia competitiva, a confrarías de pescadoras/es, Federación de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra, para o ano 2023, a cuxo texto se pode acceder a través do código CSV: OQ1GNYR58XCYR821.

3.32173.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EJERCICIO 2023”. (Expte. 2022071343)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, entre as que están a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, segundo o establecido no artigo 36.d, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera necesario dar apoio, ás cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, para que contribúan ó desenvolvemento de accións de promoción e fomento dun sector de vital importancia na provincia.

Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente elaborou unhas bases que regulan a concesión destas axudas que van destinadas ás entidades citadas da provincia de Pontevedra.



Resultando, que con data do 30 de novembro de 2022 a xefa do Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente emite informe favorable, modificado con data 25/01/2023, sobre as bases reguladoras de subvencións dirixidas ás cooperativas agrogandeiras da provincia, que con data do 9 de decembro de 2022, a Secretaría emite informe favorable sobre as citadas bases reguladoras.

Resultando que con data do 28 de febreiro de 2022 a Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, por importe de 250.000,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria proposta 23/410.4120.789.00, é en consecuencia efectúa retención de crédito mediante documento RC nº 202200042372.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido na base 16.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, do informe da Secretaria e do informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, por concorrencia competitiva, a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, para o ano 2023, a cuxo texto se pode acceder a través do código CSV: V7TPMHCSL5MQ5U8N.

4.32174.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2023”. (Expte. 2023001191)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, quere impulsar en colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, proxectos, programas e actividades para a consecución da igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero na provincia. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión das axudas que van dirixidas a estes concellos que deberán cumprir os requisitos e condicións establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións.

Resultando que con data do 17 de xaneiro de 2023 a Secretaría emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023.

Resultando que con data do 30 de xaneiro de 2023 Intervención emite informe sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 23/250.2315.480.01, considerase correcta, e conta con crédito retido, mediante RC nº 202300019998, por importe de 260.000€.



Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

A xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o exercicio 2023.

Estas bases figuran co CSV- 5GPB844AO8OXNR0N

5.32175.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO SOCIAL PARA O EXERCICIO 2023”.
(Expte.2022064575)

Antecedentes:

1º.- De conformidade co establecido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se establece a atención especializada como un dos niveis nos que se estrutura o sistema de servizos sociais, a Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, e de acordo có disposto no seu artigo 63, as Deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Así mesmo no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, dispónse que son competencias propias das Deputacións provinciais ou entidade equivalente, as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

2º.- En base a dita competencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, convoca unha liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, có fin de fomentar a realización de actuacións dirixidas a colectivos que necesitan máis apoio dende o punto de vista social. Cabe sinalar que esta convocatoria ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, e desenvólvese desde fai máis de 15 anos, chegando a superar as 120 solicitudes anuais e estimándose que as persoas destinatarias finais alcanzan os 5.000 usuarios/as directos e os 15.000 usuarios/as indirectos.

3º.- O obxecto destas bases é aprobar a convocatoria da concesión de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro para o ano 2023.

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo primeira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.



Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade.

4º.- Serán subvencionables aquelas actividades e proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio 2023, dirixidas a colectivos que polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social.

Quedarán excluídos as actuacións cuxa finalidade sexa a consecución da igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia machista ao existir nesta institución provincial unha convocatoria específica neste eido.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, contempladas no orzamento de esta institución para o exercicio 2023 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

5º.- A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 23/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2023, ascende a 470.000,00 euros, que representa o máximo de obrigacións que se poidan adquirir con cargo a esta convocatoria, supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

A contía máxima da subvención que pode percibir cada entidade non poderá exceder os sete mil (7.000,00) euros.

As contías de cada subvención serán aprobadas pola Xunta de Goberno, de acordo cos criterios establecidos na base décimo primeira. A non presentación do proxecto constituirá un defecto non emendable e a solicitude non se admitirá a trámite ao ter este carácter esencial para a tramitación das solicitudes.

6º.- Con data 30 de xaneiro de 2023, Intervención emite informe favorable indicando que “(...) a aplicación proposta nas Bases destas axudas, 23/231.2313.480.02, considérase correcta, e conta co crédito retido para este fin, mediante documento RC nº 202300019859, por importe de 470.000,00 € e o O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle nas bases de execución do orzamento (...)”.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a Convocatoria e bases reguladoras das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social 2023

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV):D27EY8YZF8B8FSS2.

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>

6.32176.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE BARRO AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) – (Expte.2023005770)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPT. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.



- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.
- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE BARRO				
Data de presentación:		28/01/2023 (registro WEB2023005770)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 peón de transporte en xeral en xornada de 35 h./sem. durante 12 meses; 1 condutor/a en xeral en xornada de 35 h./sem. durante 11 meses; 1 axudante carpinteiro/a e 1 axudante canteiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 2 peóns de parques e xardíns en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 peón de parques e xardíns en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 monitor/a socio-cultural en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 xardineiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses</i>	101.274,55 €	406,32 €	100.868,23 €

11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE BARRO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	100.868,23 €



- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.



- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.



Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Barro (P3600200D)	9	<i>1 peón de transporte en xeral en xornada de 35 h./sem. durante 12 meses; 1 condutor/a en xeral en xornada de 35 h./sem. durante 11 meses; 1 axudante carpinteiro/a e 1 axudante canteiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 2 peóns de parques e xardíns en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 peón de parques e xardíns en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 monitor/a socio-cultural en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 xardineiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses</i>	100.868,23 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: TVHORSSCIBHOTLJP) e do informe de Intervención (CSV: 4HX8AE2LAME06KOR), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao Concello de Barro (CIF P3600200D) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrència non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Barro (P3600200D)	9	<i>1 peón de transporte en xeral en xornada de 35 h./sem. durante 12 meses; 1 condutor/a en xeral en xornada de 35 h./sem. durante 11 meses; 1 axudante carpinteiro/a e 1 axudante canteiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 2 peóns de parques e xardíns en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 peón de parques e xardíns en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 monitor/a socio-cultural en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 xardineiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses</i>	100.868,23 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro



de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras

- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobranante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.



- Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
- Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



7.32177.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE BUEU AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023005221)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.



- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE BUEU				
Data de presentación:		25/01/2023 (registro WEB2023005221)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	<i>1 oficial de albanelería, 1 oficial de carpintería, 2 peóns de albanelería e 4 peóns de obras e servizos varios en xornada de 37,5 h./sem. durante 6 meses</i>	113.956,02 €	2.314,76 €	111.641,26 €

- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.



- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE BUEU	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	185.785,21 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:**I.- Instrución do expediente:**

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Bueu (P3600400J)	8	<i>1 oficial de albanelería, 1 oficial de carpintería, 2 peóns de albanelería e 4 peóns de obras e servizos varios en xornada de 37,5 h./sem. durante 6 meses</i>	111.641,26 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: V28A31YTRJH2YENH) e do informe de Intervención (CSV: QE2JLAW35S6FNC38), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Bueu* (CIF P3600400J) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrència non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Bueu (P3600400J)	8	<i>1 oficial de albanelería, 1 oficial de carpintería, 2 peóns de albanelería e 4 peóns de obras e servizos varios en xornada de 37,5 h./sem. durante 6 meses</i>	111.641,26 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.



- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarse a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

8.32178.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DA CAÑIZA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023005184)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPTÉ. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).



- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.
- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.



- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DA CAÑIZA				
Data de presentación:		25/01/2023 (registro WEB2023003730)		
Data de emenda da solicitude:		25/01/2023 (registro WEB2023003759)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	<i>2 mozos/as recollida lixo, 6 peóns obras públicas, 1 condutor/a de camión, e 3 condutores/as-operadores/as de maquinaria de vías a xornada completa durante 6 meses</i>	132.232,12 €	4.080,24 €	128.151,88 €

- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DA CAÑIZA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	128.151,88 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.



CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Cañiza (P3600900I)	12	<i>2 mozos/as recollida lixo, 6 peóns obras públicas, 1 condutor/a de camión, e 3 condutores/as-operadores/as de maquinaria de vías a xornada completa durante 6 meses</i>	128.151,88 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: S4YLQKY0YUNJG2EU) e do informe de Intervención (CSV: YE3BOUB123GM5TPA), a Xunta de acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao Concello da Cañiza (CIF P3600900I) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Cañiza (P3600900I)	12	<i>2 mozos/as recollida lixo, 6 peóns obras públicas, 1 condutor/a de camión, e 3 condutores/as-operadores/as de maquinaria de vías a xornada completa durante 6 meses</i>	128.151,88 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
 - O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.



- O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
 - f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
 - Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
 - g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
 - h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



9.32179.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO FIRME DA ESTRADA A COUTADA-CAMPODANTA E EN PE DA MUA (AGUASANTAS)”. ANUALIDADE 2023-(Expte. 2023005411)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na



Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

- En data 26/01/2023 por rexistro WEB2023003944, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do concello de Cerdedo - Cotobade na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 108.892,11 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de firma da estrada a Coutada - Campodanta e en Pé da Múa (Aguasantas)*”, cun orzamento que importa 108.892,11 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
2023	108.892,11	108.892,11	0,00	0,00

- Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial, aportando aos efectos as preceptivas autorizacións sectoriais.

- En data posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 26/01/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética..
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de lege ferenda, pode acadirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 26/01/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 27/01/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 30/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Cerdedo-Cotobade*, CIF: P3600048G a cantidade de 108.892,11 euros con destino ao financiamento do investimento “*Mellora do firme da estrada A Coutada-Campodanta e en Pé da Múa (Aguasantas)*” (Expte. 2023005411) cun orzamento que importa 108.892,11 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento-€	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2023	108.892,11	108.892,11	0,00	0,00
TOTAL	108.892,11	108.892,11	0,00	0,00



Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.

Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.

De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.

A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.

- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.32180.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DO **GROVE** AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023005700)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAIIS, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).



- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.
- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.



- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DO GROVE				
Data de presentación:		27/01/2023 (registro WEB2023004217)		
Data de emenda da solicitude:		30/01/2023 (registro WEB2023004394)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
19	<i>6 peóns obras públicas, 5 peóns forestais, 2 peóns xardinería, 2 condutores/as, 2 auxiliares administrativos/as e 2 animadores/as socioculturais a xornada completa durante 6 meses</i>	208.257,48 €	28.680,85 €	179.576,63 €

- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DO GROVE	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	179.576,63 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.



CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
O Grove (P3602200B)	19	6 peóns obras públicas, 5 peóns forestais, 2 peóns xardinería, 2 condutores/as, 2 auxiliares administrativos/as e 2 animadores/as socioculturais a xornada completa durante 6 meses	179.576,63 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: QUAESZVEOC2P0FGQ) e do informe de Intervención (CSV: XVR3G3CIWY26R357), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello do Grove* (CIF P3602200B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
O Grove (P3602200B)	19	6 peóns obras públicas, 5 peóns forestais, 2 peóns xardinería, 2 condutores/as, 2 auxiliares administrativos/as e 2 animadores/as socioculturais a xornada completa durante 6 meses	179.576,63 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.



- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

11.32181.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE MOAÑA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023005644)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPT. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.



- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.
- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE MOAÑA				
Data de presentación:		27/01/2023 (registro WEB2023004170)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
22	<i>1 oficial albanel enterrador/a e 2 limpadores/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 9 meses; 1 peón en xeral, 2 peóns obras pública, 4 peóns especialistas medioambiente-forestais, 2 peóns medioambiente-forestais, 4 peóns especialistas xardíneiros/as e 2 peóns xardíneiros/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial albanel e 2 limpadores/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses; e 1 oficial electricista en xornada de 32,5 h./sem. durante 2 meses</i>	307.375,98 €	81.634,48 €	225.741,50 €



- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MOAÑA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	225.741,50 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas.



En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Moaña (P3602900G)	22	<i>1 oficial albanel enterrador/a e 2 limpadores/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 9 meses; 1 peón en xeral, 2 peóns obras pública, 4 peóns especialistas medioambiente-forestais, 2 peóns medioambiente-forestais, 4 peóns especialistas xardineiros/as e 2 peóns xardineiros/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial albanel e 2 limpadores/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses; e 1 oficial electricista en xornada de 32,5 h./sem. durante 2 meses</i>	225.741,50 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: TWHVTWGMMKQ65GDJ) e do informe de Intervención (CSV: C7HSJF377XV6FFJM), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Moaña* (CIF P3602900G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Moaña (P3602900G)	22	1 oficial albanel enterrador/a e 2 limpadores/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 9 meses; 1 peón en xeral, 2 peóns obras pública, 4 peóns especialistas medioambiente-forestais, 2 peóns medioambiente-forestais, 4 peóns especialistas xardineiros/as e 2 peóns xardineiros/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial albanel e 2 limpadores/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses; e 1 oficial electricista en xornada de 32,5 h./sem. durante 2 meses	225.741,50 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.



- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobranante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



12.32182.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE NIGRÁN AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023001452)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.



- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE NIGRÁN				
Data de presentación:		03/01/2023 (registro WEB2023000349)		
Data de emenda da solicitude:		24/01/2023 (registro WEB2023003559)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	<i>15 peóns forestais e 3 conserxes a xornada completa durante 8 meses</i>	228.789,36 €	1.397,75 €	227.391,61 €

- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.



- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE NIGRÁN	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	227.391,61 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.



- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberán xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e



a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Nigrán (P3603500D)	18	15 peóns forestais e 3 conserxes a xornada completa durante 8 meses	227.391,61 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: XU20U4D43CEQF3PU) e do informe de Intervención (CSV: N7EGQ35TR809CV7M), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Nigrán* (CIF P3603500D) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a



2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Nigrán (P3603500D)	18	15 peóns forestais e 3 conserxes a xornada completa durante 8 meses	227.391,61 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.



- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobranante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.



- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

13.32183.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE POIO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE DE ANAFÁNS”. (Expte. 2022071877)

Antecedentes:

- No marco do Plan Concellos 2022-2023-Liña 1, mediante acordo nº 5.31675 da xunta de goberno, de 06/05/2022, concedéuselle ao Concello de Poio, CIF: P-3604100B, unha subvención, por importe de 221.778,92 euros, co obxecto do financiamento da actuación “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA PRAZA DE SAN MARTIÑO, PARROQUIA DE SAN XOAN, CONCELLO DE POIO” (Ref: 2022009815).
- A referida concesión fíxose condicionada á obtención da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- A través do rexistro web nº 2022061218 de data 01/12/2022 o Concello pon de manifesto que desiste da anterior subvención por canto a Consellería autonómica lle denegou a autorización sectorial ao informar de forma desfavorable a realización daquel investimento.



- En data 20/01/2023 mediante resolución presidencial núm. 2023000442 se acepta a desistencia total do Concello de Poio á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA PRAZA DE SAN MARTIÑO, PARROQUIA DE SAN XOAN, CONCELLO DE POIO” (Ref: 2022009815), o que deixa en dispoñible no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 221.778,92 euros, repartidos en 3.163,68 euros no ano 2022 e 218.615,24 euros anualidade 2023, para o financiamento da nova proposta que pretende acometer o Concello.
- No mesmo rexistro de data 01/12/2022, completado polo rexistro nº 2022027431 de data 07/12/2022 e polo rexistro nº 2023001049 de data 21/01/2023, o concello de Poio achega a documentación acreditativa da nova solicitude por cambio de finalidade, “MELLORA DO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE DE ANAFÁNS”, polo importe de 221.765,64 euros, e que foi incoada como expediente nº 2022071877. Esta nova petición cumpre con todos os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 para a Liña 1.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 17ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que dispón que unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada. O cambio de finalidade requirirá a autorización expresa da Deputación e se axustará ao procedemento previsto nas bases reguladoras.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de lege ferenda, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/12/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 26/01/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B, a cantidade de 221.765,64 euros con destino ao financiamento do investimento “*Mellora do entorno do centro de saúde Anafáns*” (Expte.2022071877) quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	3.163,68 €	3.163,68 €	-----
2023	218.601,96€	218.601,96€	
Total	221.765,64€	221.765,64€	

- Autorizar e comprometer o gasto nas aplicacións 2023/942.9425.762.45 e 2023/942.9425.762.45.2022 nas que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-22023, o concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado a 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado a 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.32184.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ENVOLVENTE TÉRMICA E REFORMA INTERIOR DA CASA DO CONCELLO- FASE P”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021-CONCELLO DE PONTEAREAS (Expte.2021017378)

Consta no expediente incoado co núm. 2021017378, o informe da xefa do servizo de cooperación de data 24/01/2023 que literalmente di como segue:

ANTECEDENTES:

- *O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.*
- *No marco do devandito Plan, se lle concedeu ao concello de Ponteareas mediante acordo da xunta de goberno núm. 13.30639, de data 30/07/2021, unha subvención por importe de 186.853,67 euros co obxecto do financiamento do investimento “Rehabilitación enerxética da envolvente térmica e reforma interior da Casa do Concello- Fase I” (expediente: 2021017378), cun orzamento que ascendía a 493.364,08 euros (485.470,61 euros de execución obra e 7.893,47 euros de honorarios técnicos). O importe que resta ata completar a totalidade do orzamento é financiado polo Concello (121.614,76 euros) e polo IDAE (184.895,65 euros).*
- *En data 28/11/2022 ten entrada nesta Deputación, mediante o rexistro núm. 2022060386, o proxecto modificado do investimento arriba referido. No informe do secretario xeral do Concello, de data 17/09/2022, e no Decreto da alcaldía núm. 2022-1926, de 19/09/2022, polo que se inicia o expediente de modificación do contrato, faise constar que unha vez adxudicado o contrato da obra “Rehabilitación enerxética da envolvente térmica e reforma interior da Casa do Concello. Fase I” á empresa Proxectos e contratas COVELO S.L, en data 12/08/2022, á redactora do proxecto e directora de obra propón a modificación do proxecto a causa da aparición de imprevistos na execución dos traballos, que se xustifican na memoria anexa ao proxecto modificado, así como discrepancias de medición en distintas partidas.*
- *O proxecto modificado non varía a tipoloxía do proxecto aprobado inicialmente, pero supoñe un incremento no orzamento (de licitación e adxudicación) do 8,519%. O concello solicita, formalmente, que a baixa imputable á subvención da Deputación cubra o incremento do prezo e parte da aportación que lle corresponde ao Concello.*



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Acordo do Pleno da Deputación núm. 4.7875, de 28 de outubro de 2022, relativo á aprobación da prórroga do Plan Concellos 2021.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Base 20ª das Reguladoras do Plan Concellos 2021, que establece que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado, admitindo que as modificacións se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, que prevé que se poidan modificar os contratos cando se de algún dos tres supostos a), b) ou c) do seu parágrafo segundo e se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

CONCLUSIÓNS

A normativa en materia de subvencións reflicte como unha característica a da afección ou vinculación da axuda económica ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.

A vista da definición da subvención arriba referida, ao Concello de Pontearreas, ao abeiro do Plan Concellos 2021, concedéuselle unha subvención, por importe de 186.853,67 euros co obxecto do financiamento da fase I do investimento "Rehabilitación enerxética da envolvente térmica e reforma interior da Casa do Concello" (Ref. 2021017378), no que se tivo en conta un proxecto, por importe de 493.364,08 euros (485.470,61 euros de execución obra e 7.893,47 euros de asistencias técnicas) que no momento da concesión se estimou acaído e suficiente para deducir a súa adecuación á convocatoria do Plan Concellos.

Considerando que, unha vez adxudicada a obra, detéctanse discrepancias de medición en distintas partidas e xurde a necesidade de facer fronte a factores imprevistos que obrigan a modificar o proxecto orixinal co fin de darlle unha solución xusta dentro da finalidade da subvención.

Visto que o proxecto modificado non altera o obxecto da subvención concedida, que este se presenta antes de que remate o prazo de execución e xustificación das obras acollidas no Plan Concellos 2021 e que co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.

Visto que as modificacións propostas supoñen unha variación no orzamento do proxecto e no prezo de adxudicación do 8,519%; pasando a importar o orzamento de licitación (IVE ENGADIDO) de 485.470,61 euros a 526.823,13 euros e o de adxudicación (IVE ENGADIDO) de 436.826,46 euros a 474.039,96 euros.

Visto Concello de Pontearreas solicita, formal e expresamente, que a baixa obtida no procedemento de adxudicación do contrato se aplique no financiamento do modificado.



Visto que o enxeñeiro xefe de Cooperación, en data 26/12/2022, emitiu informe favorable das actuacións descritas proxecto técnico modificado.

Por todo o exposto, á vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicable e as consideracións xurídicas expostas, INFORMO FAVORABLEMENTE E PROPOÑO:

1.- Que se autorice o proxecto modificado da obra “Rehabilitación enerxética da envolvente térmica e reforma interior da Casa do Concello” (expediente: 2021017378), aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2021, poida ser executado nos termos establecidos polo Concello.

2.- Que a baixa obtida na adxudicación do contrato se aplique no financiamento do modificado. Unha vez que se liquide a obra se realizarán os axustes orzamentarios correspondentes.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido nas Bases Específicas de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á xunta de goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.”

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e visto o informe favorable da intervención provincial, de data 25/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto modificado do investimento “Rehabilitación enerxética da envolvente térmica e reforma interior da casa do concello” (Expte.2021017378), incluído no Plan Concellos 2021.
- O proxecto modificado, que non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin o importe da subvención concedida, implica unha variación no orzamento do proxecto e no prezo de adxudicación do 8,519%. Este incremento finánciase contra a baixa obtida na adxudicación do contrato.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponteareas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



15.32185.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE PONTECESURES AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023005558)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPT. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.



- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE PONTECESURES				
Data de presentación:		26/01/2023 (registro WEB2023003942)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
5	<i>1 auxiliar administrativo/a, 2 peóns obra pública, 1 peón limpeza viaria e 1 limpador/a edificios municipais en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses</i>	88.917,93 €	4.165,47 €	84.752,46 €

- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.



- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE PONTECESURES	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	84.752,46 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución



do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.



- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de



emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Pontecesures (P3604400F)	5	1 auxiliar administrativo/a, 2 peóns obra pública, 1 peón limpeza viaria e 1 limpador/a edificios municipais en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses	84.752,46 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 1VGMD1F3ZUWAG9T8) e do informe de Intervención (CSV: 1JDRK9PJYW60N03X), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Pontecesures* (CIF P3604400F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a



2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Pontecesures (P3604400F)	5	<i>1 auxiliar administrativo/a, 2 peóns obra pública, 1 peón limpeza viaria e 1 limpador/a edificios municipais en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses</i>	84.752,46 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.



- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.



- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

16.32186.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE O ROSAL NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022/2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RECONFIGURACIÓN DO CAMIÑO DA SUEIRA, ENTRE A ESTRADA DE COUSELO E O CAMIÑO DA MENORA”. (Expte. 2022074527)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).



Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

A súa vez, a base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.

No marco do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, mediante acordo núm. 9.31938 da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo de 2022, concedéuselle ao *concello de O Rosal* con carácter bienal unha subvención, por importe de 100.000,00 euros, correspondendo 50.000,00 euros ao exercicio 2022 e 50.000,00 euros ao exercicio 2023, co obxecto do financiamento do investimento “REFORMA DE LOCAL NA ESCOLA UNITARIA DE FORNELOS” (Expte.2022011283), cun orzamento polo importe de 100.000,00 euros.



En data 16/12/2022 o concello presenta solicitude de desistencia da actuación salientada no paragrafo anterior, sendo autorizada esta desistencia por resolución presidencial 2023000424 de data 20/01/2023 deixando en dispoñible o crédito previamente comprometido, por un importe de 50.000,00 euros, na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45.2022, e 50.000,00 euros na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45, dentro do correspondente proxecto de gasto para o financiamento do novo investimento que o *Concello de O Rosal* pretende acometer.

Neste contexto, en data 16/12/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2022063643), ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de O Rosal* na que solicita, por cambio de finalidade, unha subvención por importe de 100.000,00 euros, con destino ao financiamento “RECONFIGURACIÓN DO CAMIÑO DA SUEIRA, ENTRE A ESTRADA DE COUSELO E O CAMIÑO DA MENORA”, cun orzamento por importe de 100.999,81 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	50.999,81	50.000,00	0,00	999,81
2023	50.000,00	50.000,00	0,00	0,00
TOTAL	100.999,81	100.000,00	0,00	999,81

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto por importe de 3.872,00 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Patrimonio Cultural e da Confederación Hidrográfica Miño_Sil. Aportando o Concello ditas autorizacións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 20/12/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 20/12/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 24/01/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder, por cambio de finalidade, ao *Concello de O Rosal* CIF P3604800G no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2022/2023) a cantidade de 100.000,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Reconfiguración do Camiño da Sueira, entre a Estrada de Couselo e o Camiño da Menora*” (Expte.2022074527) cun orzamento polo importe de 100.999,81 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	50.999,81	50.000,00	0,00	999,81
2023	50.000,00	50.000,00	0,00	0,00
TOTAL	100.999,81	100.000,00	0,00	999,81

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto por importe de 3.872,00 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 e 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de O Rosal deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21^a.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de O Rosal, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.32187.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN SALVATERRA, VILACOBA, UMA, MEDER E LIRA”.
(Expte. 2022070161)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5^a.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 21/11/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Salvaterra de Miño na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 264.354,25 euros, con destino ao financiamento “Mellora de camiños municipais en Salvaterra, Vilacoba, Uma, Meder e Lira”, cun orzamento por importe de 264.354,25 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	264.354,25	264.354,25	0,00	0,00
TOTAL	264.354,25	264.354,25	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de redacción do proxecto por importe de 6.534,00 euros.

En data 13/12/2022 o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.



Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da *Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*, da *Deputación de Pontevedra* e de *Electra Alto Miño Distribuidora de Energía*. Consta no expediente autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e do Servizo de Mobilidade e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, en canto á autorización de *Electra Alto Miño Distribuidora de Energía*, comunica que le corresponde a *Unión Fenosa Distribuidora Electricidad, S.A.*

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 14/12/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



Consideracións xurídicas:**Instrución do expediente:**

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/12/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 15/12/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 24/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salvaterra de Miño* CIF P3605000C a cantidade de 264.354,25 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños municipais en Salvaterra, Vilacoba, Uma, Meder e Lira*” (Expte.2022070161) cun orzamento polo importe de 264.354,25 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2023	264.354,25	264.354,25	0,00	0,00
TOTAL	264.354,25	264.354,25	0,00	0,00



O orzamento contempla os honorarios de redacción do proxecto por importe de 6.534,00 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización de Unión Fenosa Distribución Electricidad, S.A., sendo imprescindible que a remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, antes do inicio do trámite da xustificación da axuda económica.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Salvaterra de Miño deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.32188.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE SISTEMA DE VISITAS VIRTUAIS 360 EN RESOLUCIÓN XIGAPIXEL E IMPLEMENTACIÓN EN ENTORNO WEB PARA O MUSEO PONTEVEDRA”. (Expte. 2021026470)

Na sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de servizo de “*Sistema de visitas virtuais 360 en resolución xigapixel e implementación en entorno web para o Museo Pontevedra*”, á empresa The Mad Pixel Factory S.L. (CIF: B82521519), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

• Prezo:

Prezo sen IVE:	98.500,50 €
IVE (21%):	20.685,10 €
Prezo total:	119.185,60 €

• Número de visitas virtuais guiadas: 15.000 visitantes.



O contrato formalizouse en documento administrativo de data 07 de novembro de 2021 e o prazo de duración é de 15 meses, tendo en conta os seguintes prazos parciais:

- O desenvolvemento e posta en funcionamento das visitas virtuais (dixitalización de salas e obras, plataforma web, configuración do sistema, Storytelling) realizarase no prazo máximo de 3 meses, contados desde a formalización do contrato.
- Os servizos de soporte e mantemento (correctivo, evolutivo e perfectivo) terán un prazo de duración de 12 meses, contados desde a recepción de conformidade polo Museo de Pontevedra dos traballos de desenvolvemento e posta en funcionamento das visitas virtuais, que se formalizará na correspondente acta de inicio.

A sinatura da acta de inicio prodúcese con data 8 de abril de 2022, iniciándose nesa data o servizo de soporte e mantemento correctivo, evolutivo e perfectivo do sistema

O contrato prevé, no caso dos servizos de soporte e mantemento correctivo, evolutivo e perfectivo, a posibilidade de dúas prórrogas de 1 ano de duración cada unha delas.

Con data 9 de novembro de 2022 a Xefa do Servizo do Museo, emite informe no que se solicita prorrogar os servizos de soporte e mantemento correctivo, evolutivo e perfectivo do devandito contrato polo período de 1 ano, con efectos desde o 08 de abril do 2023 ata o 7 de abril do 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 22 de novembro de 2022 (data de comparecencia: 22/11/2022), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 13 de decembro do 2022, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202200253428, polo importe de 5.497,02 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 333.3330.227.06, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 27 de xaneiro do 2023 (CSV: H5S6OMZMFJ72O1K0), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga deste contrato por 1 ano, desde o 08 de abril do 2023 ata o 07 de abril do 2024.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 08 de abril do 2023.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a primeira prórroga do contrato de servizo do “*Sistema de visitas virtuais 360 en resolución xigapixel e implementación en entorno web para o Museo Pontevedra*” subscrito coa empresa The Mad Pixel Factory S.L. (CIF: B82521519), durante o período desde o 08 de abril do 2023 ata o 7 de abril do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 08 de abril do 2023 ata o 07 de abril do 2024) e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (con IVE)
2023	333.3330.227.06	5.497,02 €

19.32189.- APROBACIÓN DA REDISTRIBUCIÓN DE FINANCIACIÓN DO CONTRATO DE “SUBMINISTRO DE LICENZAS MICROSOFT PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ADXUDICADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2022”.
(Expte. 2022052888)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2022, acordou adxudicar o contrato de “*subministro de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra*”, á empresa DISPROIN LEVANTE, S.L. (CIF: B46589420), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

Prezo:

Prezo sen IVE:	1.236.075,31 €
IVE (21%):	259.575,82 €
Prezo total:	1.495.651,13 €



No mesmo acordo establécese que as obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.206.00 do vixente orzamento provincial e as do ano 2023 e 2024 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 926.9260.206.00, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

A vista de que resulta necesario adaptar a financiación co fin de aplicar esta aos anos que efectivamente corresponden (2023, 2024 e 2025) é preciso realizar unha redistribución da financiación do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Redistribuír a financiación do contrato de “*Subministro de licenzas Microsoft para a Deputación de Pontevedra*”, de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2023	926.9260.206.00	498.550,38 €
2024	926.9260.206.00	498.550,38 €
2025	926.9260.206.00	498.550,37 €

20.32190.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA OBRA “DIXITALIZACIÓN E REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA ZONA SUROESTE DA PLANTA PRIMEIRA”.
(Expte.2021053050)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra pretende adecuar a zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial ás novas necesidades dos servizos, procurando a modernización dixital, para promover a dixitalización dos procedementos administrativo; así como, a mellora da eficiencia enerxética nesa zona mediante a redución do consumo enerxético a través da renovación da envolvente interior, a adecuación da instalación de electricidade e a modernizacións do sistema de iluminación.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación informe da arquitecta do Servizo de Arquitectura da Deputación, coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando se inicien os trámites para a contratación da obra “Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo arquitecto David Vázquez García o proxecto básico e de execución da obra “Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial”. Este proxecto contén dous documentos, un de dixitalización e outro de intervención cos seguintes códigos: (CSV): SDAWD1LS58C8HCBN e (CSV): QYGJWSTMO6L06LY1.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto emitido pola arquitecta Sara Piñón Esteban e a arquitecta técnica Verónica Chaves González, pertencentes ambas ó Servizo de Arquitectura da Deputación.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202300003129, por importe de 575.000,01 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/457.4500.622.03.2021 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/11/2021 por acordo número (6.31009) aprobou o proxecto para a execución da obra “Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial”, redactado polo arquitecto D. David Vázquez García, cun orzamento base de licitación de 575.000,01 €, IVE incluído. Este proxecto contén dous documentos, un de dixitalización e outro de intervención cos seguintes códigos (CSV): SDAWD1LS58C8HCBN e (CSV): QYGJWSTMO6L06LY1.

Resultando.- Solicitada autorización á dirección xeral de Patrimonio respecto do proxecto de dixitalización aprobado pola Xunta de Goberno, con código(CSV): SDAWD1LS58C8HCB, despois de introducir no citado proxecto diferentes modificacións a requirimento da dirección xeral de Patrimonio, foi redactado polo arquitecto David Vázquez García o proxecto final de execución da obra “Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial” cun orzamento base de licitación de 575.000,01 € IVE incluído. Este proxecto consta no expediente con código (CSV): 68IVVD6636D7Y6TV, sendo o proxecto de dixitalización final.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adjudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que consta no expediente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 12/09/2022, así como concesión de licenza urbanística emitida polo Concello de Pontevedra na Xunta de Goberno do citado concello na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/12/2022.

Resultando.- Que consta no expediente, en relación coa aprobación do expediente, informe xurídico favorable.

Resultando.- Que con data 30/01/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: *“...Existe aprobación do proxecto inicial da obra (CSV: SDAWD1LS58C8HCBN e CSV: QYGJWSTMO6L06LY1), mediante acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2021 (Nº. 6.31009). Non obstante, segundo o informe da Xefa do Servizo de Arquitectura de data 10 de xaneiro do 2023, para emendar as deficiencias detectadas pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade elaborouse outro proxecto (CSV: 68IVVD6636D7Y6TV) que foi o que obtivo licenza municipal e que debe ser obxecto da correspondente licitación, polo que consideramos necesaria a súa aprobación previa, ou a lo menos simultánea, á aprobación do expediente de contratación.*

Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*



Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a disposición e autorización dos gastos precisos para a contratación de obras que sendo competencia da Presidenta, superen un valor estimado de dous centos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Deixar sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 26/11/2021 con número (6.31009), polo que se aprobou o proxecto de execución da obra *“Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial”*.
2. Aprobar o proxecto de execución da obra *“Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial”*, redactado polo arquitecto David Vázquez García, cun orzamento base de licitación de 575.000,01 € IVE incluído co CSV: 68IVVD6636D7Y6TV.
3. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Dixitalización e rehabilitación enerxética da zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial”* cun orzamento base de licitación de 575.000,01 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	475.206,62 €
IVE (21%)	99.793,39 €
Importe total	575.000,01 €



4. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas ó que se lle asignou o (CSV) XN55QLVJ2EU14MOQ, e o de prescricións técnicas que contén os documentos cos seguintes códigos (CSV): 68IVVD6636D7Y6TV, que rexerán neste procedemento.
5. Autorizar o gasto por importe de 575.000,01 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/457.4500.622.03.2021 do vixente orzamento provincial.
6. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

21.32191.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOIÁN, DENDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600. TREITO II (O ROSAL)”. (Expte. 2022047518)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 3303 Tabagón-Goián dende o p.q. 1+795 ata o p.q. 3+600. Treito II, que descorre polo *Concello de O Rosal* e que ten unha lonxitude de 4.542 m.

Resultando.- Que o treito que se atopa entre o P.Q. 1+795 e o P.Q. 3+600 está construído con características vinculadas ao uso de vehículos, imposibilitando que, en moitos puntos, o uso peonil se poida realizar con plenas condicións de seguridade.

Resultando.- Que por este motivo a Deputación de Pontevedra elaborou o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón- Goián dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)*” co cal se pretende mellorar a comunicación entre os núcleos rurais de Tabagón e das Eiras e ata Goián dando continuidade o treito I, actualmente en execución, contribuíndo a fomentar a vida rural e mellorando as súas posibilidades de comunicación dun xeito sostible, potenciando o uso da bicicleta como alternativa aos automóviles privados.

Resultando.- Que con data 12 de xullo de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de O Rosal*, convenio de colaboración par a execución do “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*”, por importe de 795.872,12 €



Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de O Rosal* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	636.697,70 €	80
Concello de O Rosal	159.174,42 €	20%
TOTAL INVESTIMENTO	795.872,12 €	100%

Resultando.- Que tamén recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que n a súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)”*.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito á empresa NOVOTEC, D. Oscar Catoira Daquinta, o proxecto de execución da obra *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)”* cun orzamento base de licitación de 795.872,12 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XVRAXY5370QZJWOC.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC número. 202300005232 por importe de 636.697,70€ e RC número 202300003016 por importe de 159.174,42 con cargo ás aplicacións orzamentaria 23/456.4530.612.02.2021 e 23/4556.4530.612.02.2022, para facer fronte a este gasto.

Resultando. Que na providencia de inicio do expediente recóllese no apartado referente á xustificación de prezos o seguinte: *“...Segundo se recolle no anexo de xustificación de prezos do proxecto o orzamento base de licitación axústase a prezos de mercado cumpríndose co disposto nos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP...”*

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/12/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra *“Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón- Goián dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)”*, redactado polo enxeñeiro adscrito á empresa NOVOTEC, D. Oscar Catoira Daquinta, cun orzamento base de licitación de 795.872,12 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XVRAXY5370QZJWOC.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que así mesmo consta no expediente autorización da dirección xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que con data 03/01/2023 emitiu informe a Secretaria Accidental, en relación coa aprobación do expediente, recollendo o seguinte: “...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...”

Resultando.- Que con data 244/01/2023 emitiu informe a xefa de servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: “...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativo particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”



Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goján, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*” cun orzamento base de licitación de 795.872,12 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	657.745,55 €
IVE (21%).....	138.126,57 €
Importe Total.....	795.872,12 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): BRBBH64SRW3XNVFW, e de prescricións técnicas con código (CSV) XVRAXY5370QZJWOC, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 795.872,12 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2021 e 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



22.32192.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DA “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE”.
(Expte.2022058142)

O Centro Príncipe Felipe é unha institución de carácter educativo e social que acolle e forma rapaces e rapazas en risco ou exclusión social. O obxectivo da Institución é mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais. No recinto atópanse sitos tres centros de acollemento de persoas menores e ademais, entre as súas instalacións conta cunha residencia, un conxunto de aulas teóricas e informáticas, un auditorio, un comedor e unha cafetería. Tendo en conta que a subministración de alimentos no CPF é imprescindible para o correcto funcionamento dos seus servizos e que se trata dunha compra que está destinada a cubrir necesidades esenciais dos/as usuarios/as dos centros, e que polo tanto se trata dunha necesidade de carácter periódico e non dunha necesidade de carácter temporal, é necesario adquirir unha elevada cantidade de produtos alimenticios, motivo polo cal se precisa contratar a unha ou varias empresas que leven a cabo a devandita subministración.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expedientes (art. 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público), así como, os aspectos relacionados coa “natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirose mediante o contrato obxecto deste expediente”, consiste, en definitiva, en conseguir o máximo aforro económico no prezo de compra dos diversos produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe, mellorando a prestación da devandita subministración, logrando unha maior eficiencia na utilización dos fondos destinados a súa adquisición e mellorando a xestión dos mecanismos de información e control do seu consumo.

Sínálase que, atendendo ao obxecto desta contratación, a Deputación de Pontevedra precisa recorrer a empresas do sector que operen no mercado e que posúan capacidade para realizar este tipo de subministracións.

En base ao exposto, con data 22 de novembro de 2022, a Deputada Delegada do Centro Príncipe Felipe dita providencia na que propón iniciar expediente para a contratación da subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe. O contrato proposto ten un prazo de duración dun ano, coa posibilidade de dúas prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 517.969,33 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 24/11/2022, a Intervención realiza a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2023 mediante os seguintes documentos:

- RCFUT1 núm. 202200239304 por importe de 116.566,23€ (Lote 1 Produtos de almacén e despensa)
- RCFUT1 núm. 202200239374 por importe de 23.580,50€ (Lote 2 Produtos lácteos)



- RCFUT1 núm. 202200239408 por importe de 69.527,58€ (Lote 3 Produtos conxelados)
- RCFUT1 núm. 202200239410 por importe de 125.736,23€ (Lote 4 Produtos cárnicos e embutidos)
- RCFUT1 núm. 202200239411 por importe de 48.895,32€ (Lote 5 Froitas e verduras)
- RCFUT1 núm. 202200239412 por importe de 47.335,25€ (Lote 6 Produtos de pastelería e panadería)

Tendo en conta que, con data 24 de xaneiro de 2023, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 10 de xaneiro de 2023, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, polo Centro Príncipe Felipe, reflectida no informe de data 19 de xaneiro de 2023.

Visto que con data 11 de xaneiro de 2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 25 de xaneiro de 2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Ademais, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.”

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arredamento financeiro, ou o arrendamento, con o sen opción de compra, de produtos ou ben mobles, e que, en todo caso terán a consideración de contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.



Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da “*Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe*”.

O prazo de duración será de un ano, (1) ano, a contar desde a data que figure no documento de formalización.

Establecese a posibilidade de dúas prórrogas anuais.

O valor estimado do contrato, acumulado para os seis lotes, é de 1.715.805,94 €.

O orzamento base de licitación, acumulado para os catro lotes, para dúas anualidades, ascende á cantidade máxima de 517.969,33 euros, conforme ao seguinte detalle:

- Lote 1: 139.879,48 €
- Lote 2: 28.296,60 €
- Lote 3: 83.433,10 €
- Lote 4: 150.883,47 €
- Lote 5: 58.674,38 €
- Lote 6: 56.802,30 €



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: G0RWA9VUDN1IIBTJ) e de prescricións técnicas (CSV: GJCXK4PPAMU4FHGX) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 517.969,33 euros, de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Lote	Aplicación orzamentaria	Importe (IVE incluído)
2023 (10 meses)	LOTE 1.- Produtos de Almacén e despensa	232.2312.221.05	116.566,23 €
2024 (2 meses)		232.2312.221.05	23.313,25 €
2023 (10 meses)	LOTE 2.- Produtos Lácteos	232.2312.221.05	23.580,50 €
2024 (2 meses)		232.2312.221.05	4.716,10 €
2023 (10 meses)	LOTE 3.- Produtos Conxelados	232.2312.221.05	69.527,58 €
2024 (2 meses)		232.2312.221.05	13.905,52 €
2023 (10 meses)	LOTE 4.- Produtos cárnicos e embutidos	232.2312.221.05	125.736,23 €
2024 (2 meses)		232.2312.221.05	25.147,25 €
2023(10 meses)	LOTE 5.- Froitas e Verduras	232.2312.221.05	48.895,32 €
2024 (2 meses)		232.2312.221.05	9.779,06 €
2023 (10 meses)	LOTE 6.- Produtos de pastelería e panadería	232.2312.221.05	47.335,25 €
2024 (2 meses)		232.2312.221.05	9.467,05 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Ana M^a Soto Prieto, Xefa de Xestión do Centro Príncipe Felipe ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



23.32193.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA “SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS EN VARIOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CORRESPONDENTE CO EXPEDIENTE FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS NOS CONCELLOS DE BARRO, A CAÑIZA, O GROVE, MARÍN, MEIS, NIGRÁN, PONTEAREAS E PONTECESURES” DO IDAE FINANCIADO NUN 80% POLO FEDER A TRAVES DO POCS 2014-2020” (Expte. 2022074878)

Con data 27/12/2022 a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos Iria Lamas Salgueiro ditou providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da subministración e execución das obras de abastecemento e depuración de augas os traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 “*Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures*” do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020 , que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Actuacións
1	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Barro
2	Proxecto 2.-Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de A Cañiza
3	Proxecto 3.-Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de O Grove
4	Proxecto 4.-Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Marín
5	Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Meis
6	Proxecto 6.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Nigrán
7	Proxecto 7.-Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontearreas
8	Proxecto 8.-Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontecesures

Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.



Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en Carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) os proxectos detallados anteriormente.

Neste proxecto perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de abastecemento e depuración de augas dos concellos mencionados co fin de reducir a demanda enerxética e, polo tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a súa modernización, de acordo co Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

Esta modernización comprenderá por unha banda a substitución de equipamentos (bombas, cadros de mando, sistemas de arranque, etc.) e por outro a incorporación de novos dispositivos de sensorización, caudalímetros, rototamices, sondas de osíxeno, variadores de frecuencia, etc., cos que non se contaba previamente. Para poder realizar dita substitución e os traballos de mellora das instalacións de abastecemento e depuración de augas que vaian asociados, é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que conten coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación dun expediente de contratación mediante o presente informe cuxo resultado último serán instalacións máis eficientes e que cumpran cos regulamentos e normativa de aplicación. Ratifícase a necesidade desta contratación por carecer na Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas.

Xunto coa providencia de inicio remítense ao servizo de contratación os proxectos de obra que foron redactados polos técnicos da empresa Inberso Tecnoloxías SL (CIF B-27.861.335), adjudicataria do contrato para a prestación do Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE num FEDER-EELL-2020-004631, e que foron aprobados pola Xunta de Goberno na sesión do día 24/01/2023, unha vez informados favorablemente pola intervención.

Na aplicación 23/942.1700.652.12.2022, do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, segundo se acredita mediante os correspondentes documentos de retención de crédito que constan no expediente, segundo o seguinte detalle:

Lote	Código proxecto gasto	Nº RC	Importe RC
1	21_0051_AUGA I_BARRO	202300010961	78.227,72 €
2	21_0052_AUGA I_CANIZA	202300010965	120.307,29 €
3	21_0053_AUGA I_GROVE	202300010968	90.525,98 €
4	21_0054_AUGA I_MARIN	202300010981	65.654,49 €
5	21_0055_AUGA I_MEIS	202300010971	92.408,72 €
6	21_0056_AUGA I_NIGRAN	202300010973	142.120,98 €
7	21_0057_AUGA I_PONTEAREAS	202300010975	91.960,88 €
8	21_0058_AUGA I_PONTECESURES	202300010978	88.879,34 €
Total			770.085,40€



Na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, o contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración establecendo que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas. Asemade infórmase, que de conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Visto o informe emitido pola Xefa do Servizo de Cooperación de data 27/12/2022 mediante o que se solicita a declaración de urxencia do procedemento de contratación xustificando dita solicitude por razóns de interese público, en aplicación do artigo 119 da LCSP, considerando a necesidade de iniciar a execución canto antes para cumprir os compromisos planificados e entendendo que a tramitación por urxencia permite a licitación cunha redución de prazos sen limitar a competencia.

Vistas así mesmo as actas de replanteo previo asinadas con data 13/01/2023.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 23/01/2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto o informe da Secretaría Xeral, de data 26/01/2023 polo que se informa favorablemente o expediente.

Visto que con data 26/01/2023 , o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Visto o informe emitido pola Intervención polo que se informa favorablemente o expediente coa seguinte advertencia “*Advírtese do risco de incumprimento das condicións establecidas na Resolución de concesión da axuda do IDAE, polo que con carácter previo á adxudicación e/ou formalización dos distintos lotes, deberase verificar a posibilidade de cumprimentos dos prazos, a efectos de desistir da adxudicación ou da formalización dos contratos naqueles supostos nos que se incumpra o prazo esixido pola citada resolución de concesión de cada lote*”

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.



Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta o artigo 58 do Real Decreto-Lei 36/2020 de 30 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que establece que o órgano de contratación non poderá formalizar o contrato ata que teñan transcorrido 10 días naturais a partir do día seguinte a notificación da resolución de adxudicación sendo o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de dez días naturais e o artigo 2 referente ao ámbito de aplicación do mesmo.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar a urxencia do expediente para a contratación da subministración e execución das obras de abastecemento e depuración de augas os traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 “*Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures*” do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020.

2.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, trámite de urxencia da subministración e execución das obras de abastecemento e depuración de augas os traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 “*Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis,*



Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020 , que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Actuacións
1	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Barro
2	Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de A Cañiza
3	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de O Grove
4	Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Marín
5	Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Meis
6	Proxecto 6.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Nigrán
7	Proxecto 7.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontearreas
8	Proxecto 8.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontecesures

2.-Autorizar o gasto por importe de 770.085,40 € con cargo a aplicación orzamentaria 23/942.1700.652.12.2022 do vixente orzamento provincial.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: PE6CQ30NRZA5ZLVV) que rexerá dita contratación e os pregos de prescricións técnicas que se detallan a continuación:

Lote	Denominación proxecto	Código CSV
1	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Barro	U4L74NO9JC1FYVR7
2	Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de A Cañiza	O3P4O4HV2VF3GFYL
3	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de O Grove	SCJGUA43IK3KSQ8K
4	Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Marín	U3GIZ6H3PV50S1RE
5	Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Meis	VXDYBFYUZL4EFXUR
6	Proxecto 6.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Nigrán	SVYSURLD51MBI3JX
7	Proxecto 7.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontearreas	T56THG7MLCV0RW3F
8	Proxecto 8.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontecesures	TLA8S2NNK69N965V



4.- Nomear responsable do contrato ao Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 17 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

24.32194.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE COLABORACIÓN TÉCNICA E ADMINISTRATIVA EN TAREFAS DERIVADAS DA INSPECCIÓN DE TRIBUTOS LOCAIS DELEGADA NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA-ORAL”. (Expte. 2022053659)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 07/10/2022 aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do *contrato para a prestación da asistencia técnica e administrativa de tarefas derivadas da inspección de tributos locais que teñen delegación expresa dos mesmos da Deputación de Pontevedra.*

O anuncio de licitación enviouse ao DOUE con data 7 de outubro de 2022 e publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 12 de outubro de 2022 Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 10/11/2022 procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do ORAL.

Recibido informe da xefa do servizo de inspección e procedementos sancionadores do ORAL, de data 13/12/2022 (CSV: 5CSZ9BFFE9GFC4IL) a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 15/12/2022 presta conformidade as puntuacións acadadas, polas empresas quedando excluída a empresa Bona Fide Lema S.L. por non alcanzar a valoración mínima do 50% da puntuación máxima nos criterios de valoración mediante xuízos de valor (20 puntos), esixida para continuar no procedemento, e procede a apertura do sobre C correspondentes á documentación avaliable mediante “criterios automáticos”, da oferta presentada por NOROESTE LOCAL S.L que alcanza a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento



Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12 de xaneiro de 2023 acordou aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Noroeste Local S.L. (CIF: B-36.555.027) polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 20230000333 de 16/01/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Noroeste Local S.L. (CIF: B-36.555.027) que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Noroeste Local S.L. (CIF: B-36.555.027) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2023002614 de data 17/01/2023, e REX WEB 2023003273 de data 20/01/2023) e cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 13.653,58 € (carta de pago núm. operación 202300018102 do 25/01/2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á empresa Bona Fide Lema S.L. (CIF: B-94.119.773) que obtén 14,00 puntos na valoración do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, por non alcanzar a puntuación mínima de 20 puntos esixida neste sobre para continuar no procedemento, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo.



2.- Adjudicar mediante procedemento aberto do contrato de Servizo para a prestación da asistencia técnica e administrativa en tarefas derivadas da inspección de tributos locais que teñen delegación expresa dos mesmos na Deputación de Pontevedra, á empresa Noroeste Local S.L.(CIF: B-36.555.027), durante dous anos, e conforme ao seguintes prezos unitarios:

- Prezo unitario por expediente finalizado sen acta: 83,674 € (sen IVE)
- Prezo unitario por expediente finalizado con acta: 125,511 € (sen IVE)
- Porcentaxe ofertado dos tramos de liquidacións dos expedientes sobre as que proceda aplicar a prima de éxito:

Tramo	Intervalo mínimo	Intervalo máximo	Porcentaxe
Tramo 0	- €	1.000,00€	0
Tramo 1	1.000,01€	10.000,00€	4,58%
Tramo 2	10.000,01€	30.000,00€	3,66%
Tramo 3	30.000,01€	60.000,00€	3,20%
Tramo 4	60.000,01€	- €	2,75%

- Experiencia ofertada para a persoa proposta como coordinador/a do servizo, superior á mínima esixida nos pregos (3 anos): 5 anos a maiores.
- Prazo de garantía ofertado superior ao mínimo esixido nos pregos (1 ano): 10 meses a maiores

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023 (11 meses)	932.9320.227.60	151.441,05€
2024 (12 meses)		165.208,41€
2025 (1 mes)		13.208,41€

Os importes previstos para os gastos que se deriven do presente contrato nas anualidades 2024 e 2025 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na referida aplicación orzamentaria así como á aprobación dos correspondentes orzamentos provinciais.

Forma de pagamento: PARCIAL



Fitos de facturación:

O pagamento do prezo realizarase cuadrimestralmente en función dos traballos entregados correspondentes a cada unha das cargas de traballo, previa presentación de factura e comprobación e informe por parte da persoa responsable do contrato que deberá informar especificamente respecto de:

- Número expedientes finalizados sen acta nos que se efectuaron traballos
- Número expedientes finalizados con acta nos que se efectuaron traballos

Neste caso a relación de expedientes correspondentes aos traballos a facturar no período deberá ter en conta que se producira a firmeza do acto en vía administrativa, polo que esta relación incluírá a relación de expedientes finalizados con acta no período nos que transcorrera o prazo de 2 meses dende a data de notificación da liquidación sen que foran recorridos ou ben foran recorridos en prazo e o recurso fora desestimado pola administración, así como aqueles outros que con anterioridade ao transcurso do prazo sinalado conste a desestimación do recurso pola administración.

Excluíranse do cómputo do número de expedientes a facturar aqueles expedientes nos que se efectuaron traballos, recorridos en prazo e cuxo recurso fora estimado pola administración.

- Importes das liquidacións sobre as que proceda aplicar a prima de éxito que serán os correspondentes aos expedientes finalizados con acta cos requisitos sinalados no apartado anterior

Entenderase por “traballos” aqueles expedientes nos que a empresa colaborase na recollida de información, na confección dos documentos, na súa cuantificación e finalización, conste no mesmo a correspondente documentación e información necesaria para a súa tramitación así como a información adicional requirida no caso de presentación de alegacións ou recursos e que queden finalizados sen acta ou formalizados con acta de conformidade/desconformidade. Neste último caso se considerarán traballos finalizados aqueles efectuados nos expedientes nos que transcorrera o prazo de 2 meses dende a data de notificación da liquidación sen que foran recorridos (para os efectos de constatar a súa firmeza en vía administrativa) ou con anterioridade se consta desestimado o recurso que no seu caso se interpuxera.

En todo caso debe cumprirse con todos e cada un dos requisitos esixidos nos pregos que rexen a contratación.

Á factura presentada deberá achegarse a información relativa a carga de traballo e demais información que se ten en conta para o seu cálculo de conformidade co establecido nos pregos



Calculase que o 71.98% do prezo, distribuirase no seguintes conceptos:

- Prezo unitario por expediente finalizado sen acta nos que se efectuaron traballos (segundo o definido): 83,674 euros (sen IVE)
- Prezo unitario por expediente finalizado con acta nos que se efectuaron traballos (segundo o definido): 125,511 euros (sen IVE)

E o restante 28,02% estará vinculada a prima de éxito, sendo cada porcentaxe de tramo das liquidacións resultantes dos expedientes que se teñan en consideración no período (expedientes finalizados con acta nos que transcorrerá o prazo de 2 meses dende a data de notificación da liquidación e que non foran recorridos en prazo ou con anterioridade si o recurso interposto xa fora desestimado pola administración).

Tramo	Intervalo mínimo	Intervalo máximo	Porcentaxe
Tramo 0	- €	1.000,00€	0
Tramo 1	1.000,01€	10.000,00€	4,58%
Tramo 2	10.000,01€	30.000,00€	3,66%
Tramo 3	30.000,01€	60.000,00€	3,20%
Tramo 4	60.000,01€	- €	2,75%

O importe a aboar a empresa adxudicataria en cada factura será:

- O resultado de multiplicar o número de expedientes finalizados **sen acta** nos que se efectuaron traballos (segundo o definido) polo prezo unitario establecido para os traballos realizados en expedientes finalizados sen acta e aplicando a porcentaxe de baixa da empresa adxudicataria.
- O resultado de multiplicar o número de expedientes finalizados **con acta**, non recorridos en prazo ou desestimado o recurso, nos que se efectuaron traballos (segundo o definido) polo prezo unitario establecido para os traballos realizados en expedientes finalizados con acta e aplicando a porcentaxe de baixa da empresa adxudicataria.
- O resultado de aplicar a cada liquidación correspondente aos expedientes que se teñan en consideración no período (exptes finalizados con acta que non foran recorridos en prazo ou cuxo recurso fora desestimado pola administración) a porcentaxe (reaxustada trala aplicación da porcentaxe baixa da empresa adxudicataria) correspondente aos tramos das liquidacións.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2022053659	
Órgano xestor:	LA0006136	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A Xefatura do Servizo de inspección e procedementos sancionadores

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

25.32195.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA A REDACCIÓN E ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA E RURAL 2030 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (AUPO 2030)”. (Expte. 2022066946)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 9 de decembro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030). O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12/12/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 29/12/2022, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación a técnica Natalia Abalo Araujo ao obxecto de que, avalíe e pondere as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Recibido informe de valoración técnica, con (CSV: DZ1F8R7Z4PO05OI3), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12/01/2023, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 19/01/2023, (segundo consta no certificado da Mesa de contratación con CSV JHX7Y0ZFS7ZP2EGC) acordou propor ao órgano de contratación a exclusión das empresas UTE - PONS SEGURIDAD VIAL, S.L. E CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L e TECHFRIENDLY S.L. do procedemento ao non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (24,00 puntos).

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa *Estrategia y Organización SA* (EOSA) CIF A-36.196.418, polos prezos e valores ofertados.

Tendo en conta o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.



Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 23/01/2023, comproba que a empresa Estrategia y Organización SA atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 1915, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e que os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2023000498 de 24/01/2023o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa *Estrategia y Organización SA* que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa *Estrategia y Organización SA (EOSA)* CIF A-36.196.418 presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023004080 de data 16/01/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva por importe de 4.501,54 € (carta de pago núm. operación 202300019383, do 27/01/2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación ás empresas *UTE – Pons Seguridad vial SL . E CPS Infraestructuras, movilidad y medioa ambiente SL e Techfriendly S.L.* por non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas (24,00 puntos), de conformidade co establecido na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.



2.- Adjudicar o contrato para a prestación do servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030) a empresa Estrategia y Organización SA (EOSA) CIF A-36.196.418 polo seguinte importe:

Importe ofertado (sen IVE)	90.030,85 €
IVE (.21 %):	18.906,48 €
Importe ofertado (IVE incluído)	108.937,33 €

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/942.9420.227.06 ou vinculación xurídica do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: parcial

Fitos de facturación:

Os pagos a empresa adjudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas, previa validación pola oficina de proxectos europeos e conformidade pola xefatura do Servizo de Cooperación, polo que o pago realizarase fraccionado en función dos servizos e traballos efectivamente prestados.

Os fitos de facturación son os seguintes:

Fitos	Porcentaxe
Proceso de participación cidadá, plan de comunicación e plan de traballo	10 %
Reflexión de cara á formulación estratéxica	20 %
Marco estratéxico	20 %
Plan de acción 2030 e plans operativos anuais	15 %
Mapa de riscos e oportunidades e cadro de mando e retroalimentación do Plan	15 %
Presentación do Plan e documentación final	20 %

En todo caso, con anterioridade a empresa deberá presentar os entregables detallados no PPT en cada un dos traballos.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adjudicataria ou adjudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2022066946		
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Natalia Abalo Araujo, Adxunta a Xefatura do Servizo de Promoción de emprego e Desenvolvemento Local.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

26.32196.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ. (Expte. 2022066925)

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 9 de decembro de 2022 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé*”, cos seguintes lotes:

- Lote 1: Mestura de materias primas.
- Lote 2: Pensos ensacados
- Lote 3: Palla picada

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 9 de decembro de 2022, aparecendo publicado o día 14 de decembro de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 241-695737), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de decembro de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do día 12 de xaneiro de 2023, procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo os empresarios e as empresas admitidas en cada un dos lotes os seguintes:

EMPRESAS	LOTE AO QUE PRESENTA OFERTA
COFOCYL, S.L. (NIF: B-47.432.794)	Lote 3

A Mesa de Contratación na reunión do día 12 de xaneiro de 2023 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes ós criterios de valoración automática presentados polos empresarios e empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para contratación da devandita subministración. Os valores ofertados polas empresas admitidas foron os seguintes:

COFOCYL, S.L. (NIF: B-47.432.794): LOTE 3 - Palla picada.

Prezo ofertado por tonelada de palla moída (€/TM):

Importe sen o IVE:	117,00 €
IVE (10 %):	11,70 €
Importe total ofertado:	128,70 €

A efectos de aplicación da fórmula para o cálculo da puntuación da oferta da empresa COFOCYL, S.L. (NIF: B-47.432.794), á vista de que a citada entidade expresou os prezos por tonelada e non o prezo total, procede multiplicar o prezo unitario ofertado polo número de toneladas estimadas no prego (200 toneladas) o que fan un total de 23.400,00 € (sen IVE).

As puntuacións acadadas, unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre “B” de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas foron as seguintes:

CRITERIOS SOBRE B	COFOCYL, S.L. (NIF:B-47.432.794)
Menor prezo total ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.	12,500
TOTAL PUNTUACION SOBRE B LOTE 3	12,500

En base as puntuacións totais acadadas, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 19 de xaneiro de 2023, acordou propoñerlle ao órgano de contratación que se declaren desertos os lotes nº 1 e nº 2 ao non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adjudicación do contrato correspondente aos citados lotes e aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren ao lote nº 3 deste procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	COFOCYL, S.L. (NIF: B-47.432.794)	12,50



Na mesma reunión, a Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, a adxudicación do lote nº 3 do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade, á empresas COFOCYL, S.L. (NIF: B-47.432.794) polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2023000432, de 20/01/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á citada empresa, que presenta a mellor oferta ao lote número 3, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa proposta presenta a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva por importe de 1.200,00 € (carta de pago núm. operación 202300019989 do 30/01/2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Declarar desertos o lote número 1 (Mestura de materias primas) e o lote número 2 (Pensos ensacados) do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade, por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación dos contratos correspondentes aos citados lotes.



2. Adxudicar o lote número 3 (Palla picada) do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade, á empresa COFOCYL, S.L. (NIF: B-47.432.794), polos seguintes prezos e valores ofertados:

Prezo ofertado por tonelada de palla moída (€/TM):

Importe sen o IVE:	117,00 €
IVE (10 %):	11,70 €
Importe total ofertado:	128,70 €

O prazo de duración do contrato será desde a data indicada no documento de formalización ata o 31 de decembro de 2023. Establécese unha prórroga dunha anualidade.

Financiación: As obrigas derivadas do contrato do Lote nº 3 financiaranse con cargo a aplicación 23/411.4120.221.13 do correspondente orzamento provincial, de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe, con IVE
2022	411.4120.221.13	25.740,00 €

As obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria.

Forma de pagamento: PARCIAL

O pagamento das subministracións realizadas ao abeiro do presente contrato realizarase contra a presentación das correspondentes facturas, unha vez conformadas pola persoa responsable do contrato e sempre trala sinatura dos correspondentes albarás. O importe a pagar por cada subministración entregada obterase aplicando a porcentaxe de baixada obtida en función do prezo total ofertado pola empresa aos prezos unitarios que se sinalan no anexo V deste prego.

A estes efectos, cada subministración entregarase co correspondente albará no que se identificará claramente o tipo e a cantidade dos bens entregados.

Os albarás deberán ser selados e asinados pola persoa que recepcione a mercadoría ou persoa responsable do pedido.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2022066925		
Órgano xestor:	LA0006120	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Concepción López, Paz, xefa do Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo á empresa licitadora.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

27.32197.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CIENTISOL, S.L., PARA RESPONDER DO LOTE 1 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DE REACTIVOS PARA A FINCA MOURISCADÉ”. (Expte. 2021018564). (Devogaran 2022022199)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 6 de agosto de 2021 (CSV:NU2715Z36XX6O2Q2), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Subministración de reactivos para a Finca Mouriscadé*” (Expte. 2021018564).



Para responder da realización do lote 1 que compuxo este subministro, a empresa CIENTISOL, S.L. (CIF.- B-15.869.605), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Data
CIENTIOL, S.L. (B-15.869.605)	1	5.134,37€	202100131316	14/07/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o subministro correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CIENTISOL, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do lote número 1 do contrato de “*Subministro de reactivos para a Finca Mouriscade*” (Expte.2021018564), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil CIENTISOL, S.L., por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de cinco mil cento trinta e catro euros con trinta e sete céntimos (5.134,37 €), para responder, do “*Lote 1*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 14/07/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100131316.



28.32198.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO-3, S.L., PARA RESPONDER DO LOTE 2 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DE REACTIVOS PARA A FINCA MOURISCADÉ”. (Expte. 2021018564) (Devogaran 2023005448)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 6 de agosto de 2021 (CSV.- NU27I5Z36XX6O2Q2), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Subministración de reactivos para a Finca Mouriscadé*” (Expte. 2021018564).

Para responder da realización do lote 2 que compuxo este subministro, a empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO-3, S.L. (CIF.- B-36.769.479), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Data
COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO-3, S.L. (B-36769479)	2	2.857,03€	202100133510	27/07/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o subministro correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO-3, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do lote número 2 do contrato de “*Subministración de reactivos para a Finca Mouriscadé*” (Expte. 2021018564), sen que existan obrigas pendentes.



SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO-3, S.L.*, por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *SOGARPO*, por importe de dous mil oitocentos cincuenta e sete euros con tres céntimos (2.857,03 €), para responder, do “*Lote 2*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/07/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100133510.

29.32199.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A., PARA RESPONDER DO LOTE 3 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN DE REACTIVOS PARA A FINCA MOURISCADÉ”. (Expte. 2021018564) (Devogaran 2023005449)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 06 de agosto de 2021 (CSV.- NU27I5Z36XX6O2Q2), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Subministración de reactivos para a Finca Mouriscadé*” (Expte. 2021018564).

Para responder da realización do lote 2 que compuxo este subministro, a empresa BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A. (CIF.- A-28.664.589), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

Empresa	Lote	Importe	Carta pago	Data
BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.(B-36769479)	3	2.522,81€	202100140535	27/07/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o subministro correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do lote número 3 do contrato de “*Subministración de reactivos para a Finca Mouriscade*” (Expte. 2021018564), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A., por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de ATRADIUS, por importe de dous mil cincocentos vinte e dous euros con oitenta e un céntimos (2.522,81 €), para responder, do “Lote 3”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 27/07/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100140535.

30.32200.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023005430 E 2023005433)

a) Vista a relación de facturas con número 2023005430, que contén 64 facturas e por un importe de 26.919,61€, e con CSV: O4TRTQGT1STMM71Y, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 26/01/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	27.213,28 €
Descontos do IRPF.....	293,67 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	26.919,61 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



b) Vista a relación de facturas con número 2023005433, que contén 26 facturas e por un importe de 82.835,14€ e con CSV: RREKNWSF4H40PHKT, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 26/01/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	82.867,41 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Descontos despois de impostos.....	32,27 €
Total líquido.....	82.835,14 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

31.32201.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2023005429)

Vista a relación de facturas con número 2023005429, que contén 1 factura e por un importe de 630,95 € e con CSV: TYJFN0SIO2VLOXCU, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 26/01/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	630,95 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	630,95 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



32.32202.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB BOLOS CELTAS VALLADARES POR “ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL – ESGRIMA” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 29/07/2022 (Expte. 2022034267)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2022 unha subvención a favor de *Club Bolos Celtas Valladares* con NIF: G36881316 do *Concello de Vigo*, por un importe de 309,47 €, para “*Deporte Federado Ámbito Inferior A Nacional (Bolos Celtas)*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023003271 con data 20/01/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado o baixo importe concedido, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

33.32203.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE CATOIRA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte. 2022067564)

Advertido un erro material de transcripción en relación ó acordo da Xunta de Goberno do día 23 de decembro de 2022, punto núm. 2.32401, sobre a concesión dunha axuda ó Concello de Catoira ao abeiro das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), emito o seguinte informe:

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “*Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais (Liña 2) 2023 (Expte. 2022064094)*”, que recolle os procedementos de concesión de subvencións aos municipios da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, para financiar actuacións e investimentos que teñan encaixe nas diferentes Liñas do Plan. As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.

Segundo.- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 23 de decembro de 2022, punto núm. 2.32401, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2023/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



Terceiro.-. No caso do *Concello de Catoira*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE CATOIRA				
Data de presentación:		09/11/2022 (registro WEB2022057592)		
Data de emenda da solicitude:		09/11/2022 (registro WEB2022057699)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	<i>1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 30 h./sem. durante 12 meses; 8 peóns-operarios/as de obras públicas en xornada de 40 h./sem. durante 7 meses; e 1 peón-operario/a de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	97.198,35 €	0,00 €	97.198,35 €

Cuarto.- Non obstante, comprobouse a existencia dun erro material de transcripción no citado acordo de concesión, en canto á duración de varios contratos: 8 peóns-operarios/as de obras públicas en xornada de 40 h./sem. durante 7 meses e 1 peón-operario/a de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses. Concretamente, de acordo coa documentación presentada polo concello no momento da solicitude, debe corrixirse o erro padecido no texto do acordo de concesión, de xeito que a duración correcta das contratacións debe ser a seguinte: 1 peón-operario/a de obras públicas en xornada de 40 h./sem. durante 7 meses; e 8 peóns-operarios/as de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

CONCLUSIÓNS:

Comprobouse que efectivamente se produciu un erro material na transcripción da solicitude do Concello de Catoira nos termos descritos anteriormente, polo que se estima pertinente corrixir o acordo para adaptalo á petición do Concello.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno do 23/12/2022, punto núm. 2.32401, no referente á axuda concedida ó Concello de Catoira, CIF núm. P3601000G, de maneira que:

Onde di:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Catoira (P3601000G)	10	1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 30 h./sem. durante 12 meses; 8 peóns-operarios/as de obras públicas en xornada de 40 h./sem. durante 7 meses; e 1 peón-operario/a de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	97.198,35 €

Debe dicir:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Catoira (P3601000G)	10	1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 30 h./sem. durante 12 meses; 1 peón-operario/a de obras públicas en xornada de 40 h./sem. durante 7 meses; e 8 peóns-operarios/as de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	97.198,35 €

O resto do texto permanecerá invariable.

Non obstante, o presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno do 23 de decembro de 2022, punto núm. 2.32401, no referente á axuda concedida ó Concello de Catoira, CIF P3601000G, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Catoira (P3601000G)	10	1 auxiliar/axudante de museos en xornada de 30 h./sem. durante 12 meses; 1 peón-operario/a de obras públicas en xornada de 40 h./sem. durante 7 meses; e 8 peóns-operarios/as de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	97.198,35 €

2. Darlle traslado do acordo ó Concello de Catoira, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



34.32204.- AXUDA CONCEDIDA POLO MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO (ORDE TED/1358/2021, DE 1 DE DECEMBRO, CONVOCADA POLA ORDE DO 25 DE MARZO DE 2022), DO PROXECTO “HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E SOIDADE NON DESEXADA DO MEDIO RURAL”. PROPOSTA DE ACORDO DE RATIFICACIÓN DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN, APROBACIÓN DO PROXECTO E CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN EN ESPECIE AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS (Expte. 2022042292)

Antecedentes:

1º.- A Deputación de Pontevedra é unha Administración Pública, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins propios e específicos, de acordo co disposto no artigo 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no artigo 101 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

2º.- O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local atribúe, como competencias propias da Deputación, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito e a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada, así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.

Asemade, o artigo 109 da LALG encoméndalles, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia. Así mesmo, a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, ven reforzar e intensificar, coa modificación do artigo 36 da LRBRL, as funcións da provincia en materia de cooperación, fomento e administración dos seus intereses.

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG) defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei.

3º.- Por outra banda o artigo 25 da LRBRL, atribúe aos municipios as competencias propias na “*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*” así como na “*promoción no termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións*”.

4º.- Sentado o anterior, sinalar que o 4 de decembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial de Estado número 290 a Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e loita contra o despoboamento.



Posteriormente, o 4 de maio de 2022 publicouse no Boletín Oficial de Estado número 106 o extracto da Orde do 25 de marzo de 2022, pola que se convocan as subvencións para o financiamento de proxectos promovidos polas entidades locais para a innovación territorial e a reactivación da actividade socioeconómica e a loita contra o despoboamento durante o exercicio 2022.

5º.- Dentro deste marco, a Deputación de Pontevedra informou a municipios da Provincia susceptibles de ser beneficiarios de acordo á citada convocatoria, a intención de presentar un proxecto para combater a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra.

O municipios nos que se vai desenrolar o proxecto son os de A Illa de Arousa, As Neves, Cuntis, Forcarei e Moraña, que mostraron o seu compromiso de participar no proxecto mediante a firma de cartas de apoio na que se manifestan, entre outras, a súa disposición para apoiar as accións que se desenvolvan, que serán coordinadas e executadas pola Deputación de Pontevedra.

6º.- Por Resolución Presidencial de data 14 de xuño de 2022, número 2022004591, aprobouse a presentación da solicitude de participación na devandita convocatoria baixo o proxecto denominado *“HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL”*.

A solicitude foi presentada polo Servizo de Cooperación cos Municipios, o pasado 15 de xuño de 2022, xunto coa documentación necesaria ao efecto, tendo o proxecto proposto as seguintes características:

Obxectivo global: Contribuír de maneira importante a mellorar a autonomía e a calidade de vida das persoas maiores e a un maior empoderamento na súa relación coa administración (realización de xestións de carácter administrativo e o acceso aos servizos de saúde e asistencia social). Tamén se persegue o mantemento de relacións e contactos sociais (a través de videochamadas e redes sociais) así como a oportunidade de interactuar con persoas con intereses afíns mediante a creación de canles de comunicación en tempo real con outra xente, o acceso a contidos dixitais relacionados cos seus hobbies e intereses e mesmo promover un maior benestar físico e emocional. Neste contexto, o proxecto promove que as persoas maiores no ámbito rural, e con especial atención ás mulleres, sexan plenamente partícipes destes beneficios e oportunidades que ofrece a tecnoloxía asegurando un acceso seguro ás mesmas e facilitando a adquisición das habilidades e capacidades necesarias para o seu correcto uso e xestión.

Duración e prazo de execución do proxecto: ata o 31 de decembro de 2024, de acordo co establecido no artigo 4 da citada Orde de convocatoria.



Actuacións: Creación dun Hub de espazos inclusivos e servizos de apoio que mellore o acceso e uso dos servizos electrónicos co fin de reducir a fenda dixital e achegar solucións ás situacións de desigualdade, dixitalización, prestando especial interese na seguridade e autenticación e que se articula sobre tres bloques principais e as seguintes actuacións:

Bloques
A capacitación e formación en habilidades e competencias dixitais.
O desenrolo dunha plataforma innovadora de formación cun módulo de creación de contidos.
O desenrola de servizos e solucións inclusivas e accesibles adaptadas ao entorno e aos colectivos de risco de exclusión en municipios de reto demográfico de carácter rural.
Actuacións
Deseño e posta en marcha da capacitación e a plataforma: <ul style="list-style-type: none"> – Habilitación e equipamento de salas de formación nos 5 concellos – Selección e capacitación de influencers – Diagnóstico e-administración non concellos – Posta en marcha da plataforma
Formación de colectivos en risco de exclusión social e elaboración de contidos da plataforma: <ul style="list-style-type: none"> – Cursos de formación – Creación de contidos e soporte da plataforma – Dinamización e soporte aos influencers
Difusión e comunicación
Xestión do proxecto co persoal propio da Deputación de Pontevedra

No que respecta ás condición económicas da Memoria de solicitude da axuda, o custo total elixible cuantificase en 500.000,00 € e o seu desglose por tipoloxía de gastos detállanse na seguinte táboa:

<i>Previsión do Custe do Proxecto e das súas Actuacións e Periodificación Temporal:</i>			
Actuacións:	2023	2024	Total
1. Formación e capacitación	110.000 €	115.000€	225.000 €
2. Habilitación e equipamento 5 Salas formación	25.000 €	0 €	25.000 €
3. Desenrolo Plataforma Formación	100.000 €	60.000€	160.000 €
4. Diagnose inclusiva e-administración concellos	15.000 €	0 €	15.000 €
5. Custes directos	35.000 €	17.500 €	52.500 €
6. Promoción e difusión	10.000 €	12.500 €	22.500 €
Total	295.000,00 €	205.000,00 €	500.000,00€



E o cadro financeiro, detállase tal e como se expón a continuación:

Custe Total Elixible	Subvención Miteco (90%)	Achega Deputación De Pontevedra (10%)
500.000,00 €	450.000,00 €	50.000,00 €

7ª.- O 15 de novembro de 2022 a Dirección Xeral de Políticas contra o Despoboamento do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto demográfico notificou a proposta de resolución provisional de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto sinalado, cun gasto subvencionable por un importe de 450.000,00 euros e 280.658,00 euros de subvención proposta.

8ª.- O 13 de decembro de 2022 notificouse a esta Deputación a resolución de concesión definitiva da axuda solicitada, nos mesmos termos que na resolución provisional, é dicir, 280.658,00 euros de subvención, dos cales 31.430,00 euros corresponden a gastos correntes e 249.228,00 euros a gastos de capital.

9ª.- Con data 19 de decembro de 2022, Intervención emite informe favorable respecto á aprobación e aceptación do Proxecto: 221000X_HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. Dito informe recolle expresamente:

“(…)

CARACTERISTICAS DO PROXECTO:

De acordo con todo o exposto e co obxecto de dar cumprimento ao trámite de aceptación da subvención concedida, para o que dispoñemos de 5 días hábiles desde a notificación da Resolución de concesión, tendo en conta as achegas económicas indicadas neste informe, e a temporalización da execución do proxecto nun período de 18 meses, comprendidos entre o 1 de decembro de 2022 e o 30 de xuño de 2024.

CUADRO FINANCIERO DO PROXECTO:

FINACIAMENTO	2022	2023	2024	TOTAL
SUBV “M.T.E.R.D”	2.339,91 €	278.318,09 €	0,00 €	280.658,00 €
COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	0 €	197.718,54 €	21.623,46 €	219.342,00 €
TOTAL GASTOS	2.339,91 €	476.036,63 €	21.623,46 €	500.000,00 €

Obxecto principal do proxecto: O fomento da inclusión social nos municipios de menos de 5.000 habitantes (municipios de reto demográfico) onde o déficit das habilidades dixitais de persoas maiores e certos colectivos supón un factor de exclusión que debemos combater. Esta iniciativa serve para dar resposta aos retos de garantir a autonomía persoal e o benestar das persoas maiores do medio rural no acceso aos servizos administrativos (da propia Deputación e doutras entidades), sanitarios, de cidades, así como o lecer e a cultura mitigando a fenda dixital existente. O proxecto expónse como piloto desenvolvéndose nos municipios A Illa de Arousa, As Neves, Cuntis Moraña e Forcarei.



FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONOMICOS

De acordo con a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, os beneficiarios finais dos investimentos son os municipios: A Illa de Arousa, As Neves, Cuntis Moraña e Forcarei, para os que supoñerá investimentos para mellorar os seus servizos. Por parte da Deputación, supón unha achega de 219.342,00 € cantidade que non figura nos orzamentos de 2023 nin 2024, En consecuencia, a súa execución levará a cabo a través do módulo de “Proxectos de Gastos”, permite unha contabilidade diferenciada e a correspondente pista de auditoría.

Desde o punto de vista orzamentario, contable e de procedemento:

A aceptación da subvención e os compromisos de execución, por tratarse dun proxecto de gastos con financiamento externo (M.T.E.R.D), para a súa axilización, a Presidencia poderá aceptar e asumir os compromisos de financiamento, mediante Resolución Presidencial.

Unha vez ditada esta RP o órgano interventor controlará que devandito crédito se dote nos orzamentos respectivos, no informe de intervención ao orzamento, sendo motivo de reclamación contra o acto de aprobación inicial do orzamento o non dotar devandito crédito (Art. 170-2, b) TRLRFL.

Este compromiso tamén pode ser aceptado pola Xunta de Goberno, xa que se trata dun goberno bipartito, e deste xeito os dous grupos asumen o compromiso de dotar o crédito nos Correspondentes presupostos.

Por outra banda, a autorización ou realización de gastos de carácter plurianuais queda subordinada ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, en consecuencia, estarase ao disposto na Base 16ª e ao cumprimento dos límites do artigo 174 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, respecto dos compromisos de gasto que se vaian a estender a exercicios posteriores aquel en o que se autoricen.

No orzamento vixente, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, con data 17 de decembro de 2021, non se recollen nin conceptos nin aplicacións orzarias específicas para desenvolver o proxecto. En consecuencia, os trámites orzamentarios a seguir serán:

No exercicio 2022, unha vez aceptada a subvención e os compromisos de execución (tanto xurídicos, económicos, como os correspondentes aos pazos de execución e xustificación), abriremos o proxecto de gastos 221000X_HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, creándose as aplicacións orzamentarias ligadas ao proxecto, sobre o que se contabilizarán as operacións de “xeración de crédito”, polo importe da subvención para percibir neste ano por importe de 2.339,91€.

Para os exercicios 2023 e 2024, incluíranse os respectivos “orzamentos” os importes sinalados no “cronograma de execución”, tanto nas aplicacións do orzamento de gastos, como nos conceptos de ingresos, que recollan respectivamente os créditos e o financiamento para recibir, dentro do módulo do proxecto de gasto 221000X_HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE



PONTEVEDRA. Respecto dos municipios beneficiarios: A Illa de Arousa, As Neves, Cuntis Moraña e Forcarei, tramitaranse os respectivos convenios mediante un “modelo normalizado”, que recolla explicitamente as accións para desenvolver en cada un dos municipios e demais características económicas e xurídicas.(...)”

10ª.- Segundo o sinalado no informe de Intervención, por Resolución Presidencial de data 20 de decembro de 2022, número 2022009089, resolveuse aceptar a subvención concedida por un importe de 280.658,00 €, o que lle foi notificado ao órgano convocante ese mesmo día polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

11ª.- A financiación, unha vez coñecida a contía subvencionada polo MITECO, distribúese do seguinte xeito:

Distribución da financiación	Aportación (€)
Aportación Ministerio (MITECO)	280.658,00
Aportación Deputación de Pontevedra	219.342,00
TOTAL	500.000,00

O desglose do custo do proxecto segundo a periodificación previsible en 19 meses é a seguinte:

Actuacións	2022	2023	2024	Total
1.Formación e capacitación		225.000,00 €		225.000,00 €
2. Habilitación e equipamento 5 Salas formación		25.000,00 €		25.000,00 €
3. Desenrolo Plataforma Formación		160.000,00 €		160.000 ,00€
4. Diagnose inclusiva e-administración concellos		15.000,00 €		15.000,00€
5. Custes directos	2.339,91 €	28.536,63 €	21.623 €	52.500,00 €
6. Promoción e difusión		22.500,00 €		22.500,00 €
Total	2.339,91 €	476.036,63 €	21.623,46 €	500.000,00 €



O custo total das actuacións, que ascende a 500.000,00 €, serán financiadas das aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación do proxecto de gasto 2210004, no que se xerará crédito pola achega do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, MITECO, por importe de 280.658,00 €.

A achega da Deputación ascende a un total de 219.342,00 €, dos que 21.623,46 € corresponden á anualidade 2024. Dita cantidade debe quedar condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

As aplicacións orzamentarias do proxecto son as seguintes:

APLICACIÓN	DETALLE	2022	2023	2024
231-2317-120.51	Soldo func. interinos sen praza (HUB, BRECHA DIGITAL)	643,48 €	8.629,12 €	6.471,13 €
231-2317-120.53	Paga extra func. interinos sen praza ((HUB, BRECHA DIGITAL)	117,00 €	1.417,83 €	1.081,15 €
231-2317-121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza (HUB, BRECHA DIGITAL)	467,98 €	5.954,89 €	4.540,83 €
231-2317-121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza (HUB, BRECHA DIGITAL)	467,98 €	5.671,33 €	4.324,60 €
231-2317-160.00	Seguridade Social (HUB, BRECHA DIGITAL)	443,48 €	6.563,46 €	4.905,75 €
231-2317-226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA (HUB, BRECHA DIGITAL)	0,00 €	22.500,00 €	0,00 €
231-2317-226,06	XORNADAS, REUNIÓN, CONFERENCIAS E CURSOS (HUB, BRECHA DIGITAL)	0,00 €	50.000,00 €	
231-2317-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS (HUB, BRECHA DIGITAL)	0	125.772,00 €	
231-2317-230.20	Axudas de custo (HUB, BRECHA DIGITAL)	100,00 €	150,00 €	150,00 €
231-2317-231.20	Locomoción (HUB, BRECHA DIGITAL)	100,00 €	150,00 €	150,00 €
231-2317-652,09	Investimentos xestionados para Concellos (HUB, BRECHA DIGITAL)	0,00 €	249.228,00 €	
		2.339,91 €	476.036,63 €	21.623,46 €

12ª.- Respecto dos concellos beneficiarios: *A Illa de Arousa, As Neves, Cuntis Moraña e Forcarei*, tramitaranse os respectivos convenios mediante un “modelo normalizado”, que recolla explicitamente as accións a desenrolar en cada un dos concellos e demais características económicas e xurídicas.



13ª.- Con data 30 de xaneiro de 2023, Intervención emite Dilixencia de Conformidade en relación ó Informe -Proposta sobre a ratificación da aceptación da axuda concedida polo Ministerio para a Transición ecolóxica e Reto Demográfico para o presente proxecto, a aprobación do mesmo e a concesión da subvención en especie aos concellos beneficiarios: *A illa de Arousa, As Neves, Cuntis, Moraña e Forcarei*, no que literalmente se recolle:

“(…) O órgano competente para a aprobación do expediente a Xunta de Goberno, trala que procederase a xerar o crédito pola achega do Ministerio e a levar a cabo a oportuna modificación de crédito pola achega da Deputación dentro do proxecto de gasto 2210004_HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL (...)”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.
- Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Ratificar a aceptación da subvención concedida polo Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO ou MTERD),

2º.- Aprobar o proxecto denominado “221000X_HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL” así como a distribución do gasto conforme ao recollido no punto décimo primeiro, quedando a anualidade de 2024 condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente en dito exercicio.

3º.- Aprobar a concesión da subvención en especie a cada un dos concellos beneficiarios recollidos no punto décimo segundo.



35.32205.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2023 (Expte. 2023001196)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, considera necesario dar apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia machista na provincia de Pontevedra. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión de axudas que van destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e, teñan razón social ou delegación na provincia de Pontevedra.

Resultando que con data do 24 de xaneiro de 2023 a Secretaría emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas á ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2023.

Resultando que con data do 1 de febreiro de 2023 Intervención emite informe sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 23/250.2315.480.01, considerase correcta, e conta con crédito retido, mediante RC nº 202300020777, por importe de 150.000€.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o exercicio 2023.

Estas bases figuran co CSV- 19FX8DXOSYMXJFQ5.

36.32206.- COMUNICACIÓNS Non houbo.

37.32207.- ROGOS E PREGUNTAS Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

